


Memoria de actividades
Seminario Galego
de Educación para a Paz 2015



Comezamos o ano 2015 en mellores condicións que o anterior, con menos débedas aínda que moi limitados no que atinxe ao persoal e á inexistencia dun local específico; con todo, o Seminario Galego de Educación para a Paz celebrou, durante o ano 2015, o seu 30 aniversario (1985-2015).

De seguido, imos expor de xeito conciso e por orde cronolóxico as actividades realizadas durante este ano co fin de tomar ideas e mellorar o traballo levado a cabo no Seminario.

XANEIRO

Artepaz_ A Coruña

Trátase dunha exposición itinerante, que está a percorrer as principais cidades galegas, e que forma parte do programa especial deseñado pola entidade para celebrar os seus 30 anos de actividade. Está composta por pinturas e esculturas doadas con fins solidarios por recoñecidos artistas plásticos galegos e do resto de España.

Os fondos recadados coa venda das súas obras serán destinados a financiar os proxectos que a ONG desenvolve para a divulgación da cultura da paz na sociedade, especialmente no ámbito educativo.

De forma paralela, os visitantes da exposición poden coñecer parte da numerosa obra gráfica do SGEP (publicacións, carteis, ilustracións das celebracións do Día Internacional dos Dereitos Humanos ou do Día Escolar pola Paz), as producións audiovisuais realizadas (*En son de Paz; Cultura de Paz ou Por Nada*), así como os principais recursos didácticos editados, ata 28 unidades didácticas que versan sobre temas como a educación para a cidadanía e os dereitos humanos, a historia das relixións ou os valores cívicos e democráticos.

<http://www.abc.es/local-galicia/20150125/abci-seminario-galego-educacion-201501251250.html>

Inaugurouse o 26 de xaneiro en A Coruña, no Forum Metropolitano, coa presenza de **Federico Mayor Zaragoza**, ex director xeral da UNESCO e presidente da Fundación Cultura de Paz.

Xosé Freixanes, Loreto Blanco, Carmen Hermo, Manuel Rodriguez Acosta, Juan Fernando de la Iglesia, Sebas Rozas, Suso Basterrechea, Margarita Ledo, Lola García Saavedra, Estefanía Domínguez Cagiao, Cachi Soler, Miguel Docampo e Manuel Uhía son algúns dos artistas, pintoras, fotógrafos e videoceadoras, que colaboran desinteresadamente na *Exposición Itinerante ARTEPAZ 2015*.

A mostra da Coruña foi comisariada e organizada por Dona **Begoña Brea Ramos**, membro da Xunta Directiva do SGEP.

<http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2015/01/27/seminario-galego-educacion-paz-celebra/921750.html>

Día escolar pola Paz_ Padrón

O día 9 de xaneiro tivo lugar unha reunión da xunta directiva do Seminario Galego de Educación para a Paz, co fin de organizar a campaña do **DÍA ESCOLAR POLA PAZ E A NON VIOLENCIA**.

Así, o día 30 de xaneiro, celebrouse o día escolar pola paz e a non violencia, no aniversario da morte de Ghandi.

Os actos organizados polo Seminario Galego de Educación para a Paz en colaboración coa Fundación Rosalía de Castro congregaron a cen nenos e nenas da comarca de Padrón, especialmente do CEIP Rosalía de Castro e do IES Macías e Eisner, na Casa de Rosalía de Castro onde se leron diferentes poemas con referencias á paz, houbo actuacións musicais e faláronse o presidente da fundación Rosalía, D. **Anxo Nogueira**, e o presidente cofundador do Seminario, D. **Manuel Dios**.

Premio Portapaz_ Santiago de Compostela

Tamén o día 30 de xaneiro, ás oito da tarde, no centro cultural Afundación, o Seminario Galego de Educación para a Paz entregou os seus coñecidos premios *PortaPaz*. Este ano, o galardoado foi o bombeiro coruñés **Roberto Rivas** “pola súa firmeza e coraxe cívica á hora de defender o dereito á vivenda”, dereito recoñecido no Art. 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na propia Constitución, Art. 47.

Este bombeiro negouse a participar no 2013 no desafiuzamento dunha muller de oitenta anos, convertíndose nun símbolo do *movemento anti-desahucios*. Ademais, Roberto, un coñecido activista dende hai uns anos, levou a cabo unha campaña para recadar fondos e así pagar as multas que a policía lle impuxo a oito persoas pola desobediencia civil que supón o feito de querer evitar este desafiuzamento en 2013.

FEBREIRO

O día 3, **Manuel Dios** impartiu unha conferencia seguida de coloquio no *IES Macías o Namorado* de Padrón sobre “Cultura de Paz e Non Violencia”.

O 4, **Federico Mayor Zaragoza**, presidente da FCP, volveu a Coruña para participar nunha conferencia na Universidade, previa rolda de prensa cos periodistas no Hotel Atlántico. Mantivo tamén unha reunión co reitor da UDC **Xosé Luís Armesto Barbeito**.

Esa mesma tarde, participou as 20:00 noutra conferencia, neste caso, no Centro Cultural Abanca de Santiago, coa **Asociación Down Compostela**.

Os días 9 e 10, **Manuel Dios**, en calidade de presidente de AIPAZ, participou na homenaxe organizada na Universidade de Granada pola morte

de **Francisco Muñoz**, compañeiro do *Instituto de la paz y los conflictos* e directivo de AIPAZ.

Tamén este mes, o día 12, **Manuel Dios** recibiu a **Adriano Moura**, doutorando en prácticas da Universidade de Coimbra na súa estada na USC na Cátedra UNESCO de "*Cultura de Paz y Derechos Humanos*".

MARZO

O día 4, **Manuel Dios** participou na librería Couceiro de Santiago de Compostela na presentación do libro: "**Ecoloxía Política: Miradas dende Galicia**" no que colabora cun traballo titulado: "*Cultura, cultura de paz, sostible e xusta*". Este libro tamén sería presentado por Manuel na cidade de Lugo o 27 deste mesmo mes.

Anteriormente, o día 18, **Manuel Dios** participou como presidente do SGEP na entrega dos **Premios Down Compostela** no Hostal dos Reis Católicos.

ABRIL

O día 10 preparouse en A Estrada a Exposición ARTEPAZ 2015, que foi inaugurada o 11 e comisariada polo artista **Miguel Docampo** nun acto na sala de Afundación cunha mesa redonda que contou coa participación de **Manuel Dios**.

O día 14 celebrouse unha reunión da xunta directiva do Seminario Galego de Educación para a Paz en Santiago.

O 17 dese mesmo mes, **Manuel Dios** participou en calidade de presidente de AIPAZ no acto organizado na *Universidade de Valladolid* xunto con **Aintzane Ezenarro**, do Departamento de Paz y Convivencia do Goberno Vasco sobre as **experiencias de diálogo entre vítimas e vitimarios** de acordo co convenio asinado entre AIPAZ e o Goberno Vasco.


MAIO

O 17, día das Letras Galegas, **Manuel Dios** participou na manifestación convocada por **Queremos Galego** en defensa da lingua e cultura propias.

O 21, **Manuel Dios** participou en Santiago de Compostela na proxección da curtametraxe de ficción **X NADA**, sobre a violencia e as redes sociais e tamen no coloquio posterior.

Tamén resaltar a asistencia do SGEP o día 26 ó **Patronato de la Fundación Cultura de Paz** en Madrid.

XUÑO



Nunha reunión da Xunta Directiva aberta a tódolos socios do SGEP E dado o xiro político que tomara a cidade de Santiago, **Manuel Dios** o presidente do SGEP tiña moitas posibilidades de saír electo como membro do goberno local, e como así aconteceu e dada a urxencia de dita situación **M^a Inmaculada Rúa Parada** ocupará o cargo de presidenta ata o vindeiro ano 2016; cando no mes de febreiro se convocará a Asamblea de socios e socias ben para ratificala, ou ben para elixir a unha nova persoa que leve o timón da presidencia do SGEP.

A incorporación da nova presidenta foi votada polos membros da Xunta Directiva e foi elixida así por unanimidade.

XULLO

Medallas de Ouro de Galicia_ Santiago de Compostela

Asistencia de **M^a Inmaculada Rúa Parada** en representación da Presidencia do SGEP ó Acto de entrega das Medallas de Galicia polo goberno da Xunta de Galicia na Cidade da Cultura de Compostela.



AGOSTO-SETEMBRO

Artepaz_Vigo



A inauguración da exposición Artepaz en Vigo tivo lugar o día 3 de agosto ás 19.30 horas na sede de AFundación Abanca na rúa Policarpo Sanz, 26.

O público puido visitar a mostra, de balde, ata o 19 de setembro, en horario de 17.30 a 20.30 de luns a sábado.

Neste caso, a exposición foi comisariada conxuntamente por **Begoña Brea Ramos** e **M^a Inmaculada Rúa Parada**.

Participación de **M^a Inmaculada Rúa Parada** en representación do SGEP na lectura pública o día 12 de setembro dun Manifesto de Solidariedade de Galicia cos Refuxiados.

Participación de Begoña Brea Ramos en nome do SGEP na reunión de AIPAZ en Madrid para a preparación das Xornadas de "Seguridade e desarmamento" o día 22 de setembro



O mesmo 22 de setembro, a presidenta do SGEP participou na primeira Mesa de traballo polos refuxiados, organizada pola Concellería de Servizos Sociais de Santiago de Compostela, coa participación da maioría de entidades que traballan no eido social na cidade.

Tendo en conta que o tema de maior interese e actualidade na política social europea é a crise dos **refuxiados sirios**, o Seminario Galego de Educación para a Paz asistiu e participou nas **reunións** de distintos colectivos (como Cruz Vermella, ACPP, Asociacións de educadoras sociais...). O día 1 de decembro celebramos a última do ano; a vindeira será en xaneiro de 2016. A materia que tratamos non prevé un problema a curto prazo, pois o persoal do Concello que concretou a reunión asegurou que Compostela non tiña prevista ningunha achegada de refuxiados; aínda que isto sexa así, o SGEP, xunto co resto de colectivos interesados,

xestionamos e planeamos actividades educativas e de concienciación de cara á sociedade sobre o drama humano que sempre supón un éxodo masivo, co obxectivo de ter establecido un plan de actuación para evitar imprevistos.

NOVEMBRO

Falando dos Dereitos da Infancia

O **proxecto** *Falando dos Dereitos da Infancia* abrangueu os días de escola entre o 23 e o 30 de novembro e se desenvolveu en 11 centros de Santiago.

Tódalas fases do proxecto –definición, planificación, preparación, programación, execución e avaliación– foron levadas a cabo por **M^a Inmaculada Rúa Parada** e tres estudantes de Ciencias Políticas en prácticas. Colaboraron voluntarios da escola O Raio Verde e unha voluntaria do SGEP.



<http://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2015/11/16/alumno-s-cuatro-colegios-compostelanos-participaran-pleno-infantil-dia-do-neno/00031447693837681985941.htm>

A memoria do proxecto íntegro figura en documento adxunto.

DECEMBRO

Imperialismo, islamofobia e conflito internacional_

O día 2 de decembro, na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela participamos, a petición de Acción Universitaria, nunha charla-debate sobre **Islamofobia**. O aforo foi un éxito, demostrou a inquedanza da xuventude e o interese do tema a tratar.



Con motivo da celebración das Xornadas de Cultura de Paz, Seguridade e Desarmamento dos días 11, 12 e 13 de decembro, o día 10 do mesmo mes, no **Concello de Santiago** celebramos unha **rolda de prensa** xunto ó antigo presidente do SGEP Manuel Dios Diz, e actual Concelleiro de Educación e cidadanía, na que participou tamen **Timoteo Martínez Gutiérrez Valerio**, representante do Colexio de Avogados. O obxecto da mesma foi achegar ós medios de comunicación e á sociedade o evento que con motivo do noso trinta aniversario abriríamos a todo o público.

http://www.santiagodecompostela.org/hoxe/nova.php?id_nova=13880&lg=gal

Proxecto de valores éticos_

Rinoceronte Editora e Baía Edicións, no marco do Consorcio Editorial Galego, presentan o proxecto de Valores Éticos na Educación Secundaria Obrigatoria para o curso 2015-2016 para os cursos 1º e 3º coincidindo co implantamento da LOMCE en Galicia.

Os textos, orientados de maneira inequívoca cara á paz e á colaboración, supoñen tamén o nacemento dunha alianza colaborativa entre as dúas editoriais citadas anteriormente.

Foron elaborados por **Moises Lozano Paz** e coordinados por **Manuel Dios Diz**, membros do SGEP, entidade que dende hai 30 anos elabora numerosos materiais didácticos de diverso formato: libros de texto, unidades didácticas, xogos audiovisuais... para aprendermos a resolver conflitos pacíficamente, por medio da palabra, do diálogo, da man tendida fronte á man alzada, como diría o profesor Federico Mayor Zaragoza, ex director xeral da UNESCO.

Os textos seguen estritamente o marcado polo currículo básico para a materia por parte das autoridades educativas, que como indican "*Valores Éticos* deben centrarse en dotar ós alumnos e ás alumnas dos instrumentos de racionalidade e obxectividade necesarios para que os seus xuízos valorativos teñan o rigor, a coherencia e a fundamentación racional que requiren, co fin de que as súas eleccións sexan dignas de guiar a súa conduta, vida persoal e relacións sociais".

Renovación do Convenio Marco entre o SGEP e a Universidade de Santiago de Compostela

O reitor Juan Viaño e a presidenta da Asociación Seminario Galego de Educación para a Paz (SGEP), María Inmaculada Rúa Parada, asinaron o xoves 10 de decembro o convenio marco que regulará a colaboración da



Universidade e o Seminario na realización de programas de voluntariado e participación social entre o estudiantado universitario. O acto protocolario de sinatura celebrouse no Despacho Reitoral coa presenza da vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, Dolores Álvarez Pérez.

“Os programas de actuación con voluntarios e voluntarias son unha das vías máis axeitadas para favorecer a participación dos membros da comunidade universitaria e potenciar a responsabilidade social co seu contorno”, afirmou o reitor logo da sinatura do acordo marco. No futuro, a USC apostará por profundar en novos proxectos conxuntos, “sobre todo para iniciar outras vías de colaboración relacionadas coa investigación e o desenvolvemento de traballos sobre a educación para a paz en xeral ou especificamente sobre dereitos humanos, tolerancia, solidariedade, ecopacifismo, resolución pacífica de conflitos, interculturalidade ou cultura de paz”.

Inmaculada Rúa destacou a súa satisfacción por dar continuidade á colaboración entre a USC e SGEP e a importancia de traballar a prol do fomento da cultura de paz ou os valores cívicos, entre outros, entre a comunidade universitaria. A presidenta do Seminario tamén lembrou que esta sinatura coincide coa conmemoración do 30 aniversario da creación da asociación e do 70 aniversario da Declaración Universal de Dereito Humanos, dúas efemérides que foron motivo de diversos actos ao longo dese xoves en Compostela.

O acordo terá unha duración inicial de dous anos e implicará o desenvolvemento de programas de carácter asistencial, educativo, científico e de defensa da investigación, entre outros. A asociación SGEP propondrá á universidade a realización do programa de voluntariado a partir do que a USC realizará a correspondente convocatoria de cobertura. O Seminario

encargarase da realización dos cursos de formación de voluntarios/as, a coordinación do programa e a súa vixilancia.

A USC poderá colaborar na xestión dos programas achegando profesorado, ademais de poder establecer convenios específicos para que en determinadas actividades, o labor realizado poida ser recoñecido como créditos optativos ou de libre elección. Conformarán a comisión de seguimento a vicerreitora **Dolores Álvarez Pérez**; o coordinador do Servizo de Participación e Integración Universitaria, **Javier Agrafojo**; a presidenta de SGEP, **Inmaculada Rúa**; e a coordinadora do grupo de Voluntariado da asociación, **Begoña Brea Ramos**.

http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2015_12/noticia_0045.html

http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2015_12/noticia_0042.html

Inmediatamente despois, no auditorio de ABanca na rúa Preguntoiro celebramos a lectura Pública ininterrompida da Declaración Universal de Dereitos Humanos das Nacións Unidas por parte de escolares da cidade de Santiago en colaboración co departamento de Educación e cidadanía do Concello compostelán.

Nesta actividade participaron máis de 200 alumnos e alumnas de centros públicos e concertados da cidade; asociacións non gubernamentais e entidades que traballan na defensa dos dereitos humanos. O acto foi amenizado polo contacontos **Celso Sanmartín** que fixo que os contidos da Declaración universal puidera chegar ós rapaces en clave de humor a través do conto.

http://www.santiagodecompostela.org/hoxe/nova.php?id_nova=13915&lg=gal

http://www.santiagodecompostela.org/hoxe/nova.php?id_nova=13924&lg=gal

Xornadas “Cultura de Paz, seguridade e desarmamento”_ SdC

Os días 11 e 12 de decembro, o SGEP, no aniversario dos seus 30 anos, e aiPAZ, colaboraron de novo no deseño e desenvolvemento das xornadas de “Cultura de paz, seguridade e desarmamento” en Santiago de Compostela no Centro ABANCA Obra Social da Praza de Cervantes. Este evento, aberto a calquera participante, contou coa presenza de numerosos expertos nacionais na investigación para a paz, así como de representantes de diferentes asociacións e entidades públicas.

Foi o alcalde de Santiago, **Martiño Noriega**, quen inaugurou as Xornadas o día 11 xunto coa presidenta do SGEP **M^a Inmaculada Rúa Parada**; a presidenta de aiPAZ **Ana Barrero**; o alcalde de Granollers, e o alcalde de Rivas, Madrid ambos membros da Rede de Alcaldes pola Paz.

A Rede de Alcaldes pola Paz, mediante unha estreita cooperación entre as cidades, esfórzase por sensibilizar a conciencia pública internacional sobre a necesidade de abolir as armas nucleares e contribúe á realización dunha auténtica e duradeira paz no mundo, traballando para eliminar a fame e a pobreza, axudar ós refuxiados que fuxen dos conflitos locais, apoiar os dereitos humanos, protexer o medio ambiente, e resolver os demais problemas que ameazan a convivencia pacífica dentro da gran familia humana.

Cabe destacar cómo foi o nacemento da organización partícipe deste evento, Alcaldes pola Paz. O ano 1945, coa destrución das cidades de Hiroshima e Nagasaki por sendas detonacións atómicas, é fundamental para comprender as orixes. Posteriormente, o 24 de xuño de 1982 na Segunda Sesión Especial das Nacións Unidas sobre desarmamento, realizadas na sede da ONU en Nova Iork, o entón alcalde de Hiroshima, Takesi Araki, propuxo un novo programa de promoción de solidariedade de cidades para a abolición total das armas nucleares para así trascender as fronteiras nacionais e pedir ós alcaldes de todo o mundo o seu apoio nesta iniciativa.

Alcaldes pola Paz está composta por cidades de todo o mundo que manifestaron finalmente o apoio ó programa do alcalde Araki de 1982.

O primeiro día das xornadas, **Pedro del Cura Sánchez** e **Josep Mayoral i Antigas**, en representación de Alcaldes pola Paz compartiron as súas aportacións sobre qué valores debemos construír os municipios, ademais das ideas e proxectos nos que están inmersos e cómo afrontan as dificultades.

Despois tivemos a honra de contar con **Carlos Fonseca**, quen nos presentou o *"Plan de Paz y Convivencia"* do Goberno Vasco que propón o fin definitivo da violencia, o recoñecemento do dano e " abrir espazo para a verdade do outro". Estes tres son os grandes retos na proposta do Plan de Paz e Convivencia. Ademais existe un plan de acción executiva que inclúe sete obxectivos: o final de ETA, desarmamento, concretar o que implica violación dos dereitos humanos, recoñecer e compensar ás vítimas, impulsar unha política pública de memoria, promover acordos para unha nova política penitenciaria, acadar un consenso básico de eventos sociopolíticos e promover unha cultura de encontro social.

O sábado 12 contamos, coa participación inestimable de **Federico Mayor Zaragoza**, quen introduciu a xornada de mesas redondas dese día que abrangueron temas como: paz, seguridade, conflitos armados; desenvolvemento e seguridade humana; desarmamento e desmilitarización para a paz; Armas, mulleres, paz e seguridade. Mesas compostas por colaboradores e especialistas na materia que nos achegaron ideas e mostraron o camiño do diálogo.

As xornadas foron todo un éxito grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, do Concello de Santiago e da Deputación da Coruña.

O domingo 13 celebrouse a Asamblea Anual de aiPAZ na que participaron a presidenta do SGEIP **M^a Inmaculada Rúa Parada** e **Manuel Dios Diz**. Nesta reunión reflectíronse as conclusións e os plans para actuacións futuras.

ArtepazSantiago _ A voz dos artistas

En estreita colaboración coa Facultade de Belas Artes de Pontevedra, continuamos o roteiro da Exposición itinerante, recaíndo en Santiago para facela coincidir co 10 de decembro, día no que se conmemora a publicación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, ademais do XXX aniversario do SGEP.



Esta mostra de arte itinerante, ubicada na sede da Obra Social Abanca de Santiago de Compostela, poderá visitarse ata o 16 de xaneiro, para continuar a xira por diferentes cidades galegas. Pódese visitar de balde .

Os fondos recadados pola venda das obras serán utilizados para financiar proxectos encamiñados a difundir a cultura de paz na educación e na sociedade en xeral.



Nesta mostra ademais pretendemos ofertar unha proposta máis dinámica que as anteriores para poder darlle voz ós artistas, á comunidade universitaria e involucrar ó público en xeral en diversas conferencias, mesas redondas e obradoiros que se realizan para enlazar a obra dos diferentes artistas cos valores do Seminario que non

deixan de ser valores universais como a paz, a xustiza, a non violencia, o diálogo, a tolerancia...

Asimesmo, os visitantes tamén poderán disfrutar de gran parte da obra gráfica do Seminario, que abrangue publicacións, carteis, ilustracións conmemorativas, producións audiovisuais e recursos didácticos.

<http://www.santiagotv.es/video/informativos/informativo-17-12-15/20151217201809000367.html>

Taller _ Artepaz

“Picasso e o cubismo para unir individuos”

Empregar a arte como un mecanismo para unir persoas. Neste senso, a arte pode ser unha ferramenta para a creación de paz en diferentes contextos.

Por outra banda, actualmente existe unha forte tendencia ó individualismo, algo propio, en moitas ocasións tamén da época adolescente. O obxectivo da actividade é facer reflexionar ós mozos e ás mozas sobre a necesidade de traballar cun mesmo fin para mellorar o noso contexto, aínda que ditas intervencións partan dun traballo persoal, éstas deben ter unha finalidade común.

OBXECTIVOS:

- ❖ Coñecer o contexto histórico transformado en arte.
- ❖ Comprender a importancia dos actos individuais cun fin colectivo.
- ❖ Fomentar o traballo cooperativo.
- ❖ Entender o traballo cooperativo como un mecanismo creador de paz.
- ❖ Promover a creatividade.

CONTIDOS:

- ❖ A arte como vehículo para a creación de paz.
- ❖ Picasso e o “Guernica”.
- ❖ O Cubismo.
- ❖ A técnica do collage.
- ❖ Técnicas gráfico-plásticas.



ARTEPAZ _ A VOZ DOS ARTISTAS

Mesas
23 de Decembro
horario de mañá

MESA REDONDA: "A VOZ DOS ARTISTAS: AS CONVERXAS"
LÓPEZO BLANCO, MIRIAM MÉNDEZ, SERGIO REGAS, DAVID FIDALGO,
OMEL, LOLA SANVEIRA, MAE RAMÉN,
MÓNICA, JUAN FERNANDO DE LA IGLESIA, GONZÁLEZ DE PEREZO

MESA REDONDA: "A VOZ DOS ARTISTAS: ARTE E PAZ COMO
PROXECTO ACTIVADOR DO ENTORNHO SOCIAL"
ALEXANDRE A. RODRÍGUEZ COSTA, CLALLA CORTEZAL, EVA
SEGARRA, MERY PAÍS DOMÍNGUEZ, RESERVA REMEDIOS,
MÓNICA XOS PRÍXANES

Talleres
horario de tarde

CLARA VINEZ:
"PICASSO E O CUBISMO PARA UNIR INDIVIDUOS"
XOVES 17 DE DECEMBRO

JULIO ÁLVAROZ BALBUENA E MERY PAÍS DOMÍNGUEZ:
"ALTERIDAD: REPROXIMANDO AS AULAS"
MARTES 22 DE DECEMBRO

XOSÉ PRÍXANES:
"TRABALLAR COORDINANDO"
MARTES 29 DE DECEMBRO

CLALLA CORTEZAL E EVA SEGARRA:
"ARTE EN CASO DE CONFLICTO"
SÁBADO 9 DE XANEIRO

30 años de
Agencia de Paz
Clallla Cortezal
Eva Segarra
Arte e Paz

Instituto de Arte e Cultura de Vigo
CONSEJO DE TUTORÍA
Departamento de Cultura
//ABANCA
Clallla Cortezal

Taller_ Artepaz

Alterxogo: Reprogramando as aulas

OBXECTIVOS:

- ❖ Aproximarse á arte contemporánea.
- ❖ Promover a arte participativa.
- ❖ Analizar a empatía desde un punto de vista artístico.
- ❖ Visibilizar, por medio da arte, unha problemática social.
- ❖ Comprender a importancia da reivindicación social.
- ❖ Participar no proceso creativo.
- ❖ Fomentar o traballo en equipo.

CONTIDOS:

- ❖ Analizar as problemáticas entre os individuos.
- ❖ Arte contextual.
- ❖ Obras e artistas / ex. BANSKY.
- ❖ Técnicas de apropiacionismo.

A actividade consiste en introducir ó alumnado á arte contextual, visualizando e dialogando con exemplos de obras de artistas.

Por iso, farémolos partícipes do proceso creativo, converténdolos en creadores, a través da manipulación dunha imaxe que pertenza á súa experiencia persoal, en referencia á aula.

Esta é unha opción de loita ou reivindicación contra as xerarquías sociais que crea o alumnado dentro da institución educativa.

Taller _ Artepaz

Xosé Freixanes

Escribir debuxando

O recoñecido artista plástico Xosé Freixanes colaborou desinteresadamente na impartición do taller *Escribir debuxando*, primeiro cunha exposición teórica sobre os diferentes tipos de escritura de diferentes partes do mundo e da historia da humanidade; despois pasou a guiar ós alumnos na elaboración dun mural colectivo a través de distintos tipos escritura imaxinaria debuxada, que representase os termos “guerra e paz” usando láminas de papel maché, tinta china e outros materiais.

Este taller supuxo unha fiestra aberta a novos coñecementos sobre a historia da escritura e puxo de manifesto o enorme potencial artístico dos asistentes cando a creatividade está ben estimulada.

Taller_ Artepaz

Olalla Cortizas e Eva Seoane

Abrir en caso de conflito

Neste taller falouse da idea de conflito; elaboráronse unha serie de caixas de cartón nas que se introduciu un *kit* de obxectos. Este *kit* lle sería entregado a outra persoa coa finalidade que ésta sobrevivira a un hipotético conflito.

Os rapaces e rapazas expresáronse a través do debuxo tratando de narrar unha historia en torno ós temas propostos e polos que xa manifestaran o seu interese.

Ó final se construíu un mural colectivo coa fusión de tódolos traballos realizados